



A axeitada transferencia de coñecemento procedente dos organismos de investigación ao tecido produtivo está considerada unha estratexia prioritaria a nivel global para incrementar o desenvolvemento socioeconómico de calquera territorio. No caso de Galicia, estes procesos veñen sendo impulsados con resultados que convén recoñecer a través de casos de éxito que sexan difundidos á cidadanía e sirvan como referencia inspiradora para investigadores e empresarios.

Por estes motivos, a **Real Academia Galega de Ciencias (RAGC)**, coa colaboración da **Axencia Galega de Innovación (GAIN)**, convoca a primeira edición dos **Premios á Transferencia de Tecnoloxía en Galicia** de acordo coas seguintes bases:

1.- Modalidades

Convocanse premios en **dúas modalidades**:

a.- **Premio a un traballo de investigación aplicada**, dotado con **6.000 €** netos, para un traballo do que se deriven claras aplicacións para o desenvolvemento socioeconómico de Galicia.

Este premio verase incrementado cunha **axuda de 4.000 €** para a **formación** dun membro do equipo investigador gañador, durante unha estancia de 2 ou 3 meses nun centro de investigación de fóra de Galicia. Durante o mes seguinte á entrega dos premios, o investigador gañador presentará na RAGC a proposta de candidato para o disfrute desta axuda.

b.- **Premio empresarial a un caso de éxito en transferencia de tecnoloxía**, dotado con 12.000 € netos, para un caso de transferencia, con

Organiza:




en colaboración con:



XUNTA
DE GALICIA

galicia



independencia do mecanismo polo que esta se producise (adquisición de patente, proxecto conxunto, spin-off, etc.).

Ambos os dous premios irán acompañados dun **diploma acreditativo**.

2.- Quen pode concorrer

a.- Ao premio para un traballo de investigación aplicada poderán concorrer todos os investigadores adscritos a centros de investigación situados en Galicia, incluídos os centros tecnolóxicos. Non poderán concorrer os membros da Real Academia Galega de Ciencias.

b.- Ao premio empresarial para un caso de éxito en transferencia de tecnoloxía poderán concorrer todas as pemes galegas (incluíndo as micropemes), que sexan tales de acordo cos criterios que rixen na Unión Europea (menos de 250 empregados, menos de 50 millóns de euros de facturación ou menos de 43 millóns de euros de balance).

3.- Condicións a cumprir

a.- No caso dun traballo de investigación aplicada, o solicitante debe ser autor do mesmo e, en caso de haber varios autores, ten que contar coa autorización dos demais, na que se especificará o grao de participación de cada un. O traballo pode ser inédito ou estar xa publicado, neste caso con posterioridade ao ano 2012.

b.- Se se trata dun caso de éxito en transferencia de tecnoloxía, o solicitante debe ser o representante legal da empresa e a transferencia de tecnoloxía tivo que producirse con posterioridade ao ano 2011.

Organiza:




en colaboración con:



XUNTA
DE GALICIA

galicia



4.- Documentación a adxuntar

a.- Premio a un traballo de investigación aplicada:

Entregaranse dúas copias do traballo en papel e un CD coa versión electrónica do mesmo, ambos no formato típico dun traballo de investigación. O texto estará escrito en lingua galega ou en castelán, cunha extensión máxima de 75 folios a espazo e medio en DIN A4. Non haberá indicación algunha que permita a identificación dos seus autores. Na primeira páxina só se indicará o tipo de premio ao que se opta; o título do traballo, sinalando se é inédito ou achegando a data de publicación se xa está publicado; e un lema identificativo.

Acompañará ao traballo unha plica, en sobre cerrado, en cuxo exterior figurarán o título e o lema identificativo. No seu interior incluíranse: o nome ou nomes dos autores, a súa dirección, teléfono e copia do NIF por ambas as dúas caras; se hai varios autores, incluíranse tamén autorizacións dos outros autores para concorrer ao premio, nas que conste a porcentaxe de participación de cada un deles na realización do traballo.

b.- Premio para un caso de éxito en transferencia de tecnoloxía:

Entregaranse dúas copias en papel dunha memoria que describa a transferencia de tecnoloxía que se levou a cabo e un CD coa versión electrónica da mesma, explicitando o tipo de tecnoloxía, o mecanismo da transferencia, o ano no que se produciu e a súa importancia para a competitividade da empresa. O texto estará escrito en lingua galega ou en castelán, cunha extensión máxima de 75 folios a espazo e medio en DIN

Organiza:



en colaboración con:



XUNTA
DE GALICIA

galicia



A4. Non haberá indicación algunha que permita a identificación do solicitante e da empresa. Na primeira páxina só se indicará o tipo de premio ao que se opta, un título indicativo do contido da memoria e un lema identificativo.

Acompañará a memoria unha plica, en sobre cerrado, en cuxo exterior figurarán o título e o lema identificativo. No seu interior incluíranse: o nome do representante empresarial que concorre ao premio, a súa dirección, teléfono e copia do NIF; o nome e dirección da empresa e o seu CIF. Inclúrase tamén una declaración xurada do representante da empresa na que se faga constar que esta cumpre as condicións establecidas no punto 3- b.- da convocatoria e que está ao día nos pagos á Seguridade social e á Facenda pública.

Toda a documentación correspondente a cada solicitude de calquera dos premios incluírase nun único sobre.

5.- Prazo e lugar de presentación de solicitudes

O prazo para a presentación de candidaturas rematará as 13 horas do 29 de outubro. O sobre coa documentación enviarase, con acuse de recibo, á Real Academia Galega de Ciencias. Facultade de Química. Avenida das Ciencias s/n. Campus Sur. 15782 Santiago de Compostela.

6.-Xurado

O xurado estará presidido polo Presidente da RAGC e contará con seis vogais: dous propostos pola GAIN, dous propostos pola RAGC, un proposto polo IGAPE e un proposto pola Confederación de Empresarios

Organiza:



en colaboración con:



XUNTA
DE GALICIA

galicia



de Galicia. Actuará como Secretario un dos vogais propostos pola RAGC.

O xurado poderá declarar deserto calquera dos premios. O fallo do xurado será inapelable.

7.- Outras observacións

Os gañadores dos premios autorizan expresamente á Real Academia Galega de Ciencias a publicar e divulgar os seus nomes e os contidos das súas propostas a partir do momento de facerse público o fallo. Aplicaranse aos premios as retencións que, se é o caso, estean previstas na vixente norma tributaria. O importe neto ao que se refire o punto 2 da convocatoria é o importe a percibir, una vez feita a correspondente retención.

O feito de concursar supón a aceptación das presentes bases e serán excluídos os concursantes que non se axusten ás mesmas. Os autores non premiados poderán solicitar a devolución dos seus traballos no prazo de 3 meses, despois da publicación do fallo.

Organiza:



en colaboración con:



XUNTA
DE GALICIA

galicia